

**PUBLICACION RESOLUCIÓN ALEGACIONES DO 1º EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA, DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A PERTENECENTE Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE SUPERIOR, POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN**

O Tribunal procede ao análise das alegacións presentadas, segundo a proposta feita por D<sup>a</sup>. Mónica Marras Mosquera, Xefa de Servizo de Arquitectura da Deputación Provincial de Lugo, da cal deu conta a todos os membros do Tribunal e que se transcribe a continuación:

**Pregunta numero 43.- Mantense a pregunta e a resposta c)**

A resposta "c) *O visado colexial é obrigatorio para unha relación concreta de traballos profesionais recollida no RD*" equivale ao expresado polo artigo 2 do RD (Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio) que di literalmente que "*é obrigatorio obter o visado colexial unicamente sobre os traballos profesionais seguintes*", relacionando e describindo un total de nove traballos profesionais.

Aínda que o artigo 4 do mesmo RD matiza a obrigatoriedade do visado colexial recollendo excepcións, a pregunta non se refire a este caso e a resposta correcta non contradí ó expresado neste artigo.

**Pregunta numero 63.- Anulase a pregunta**

A pregunta pide cal e un suposto non excluído da avaliación ambiental estratéxica segundo o artigo 8 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Estre as respostas hai dous supostos excluídos da avaliación polo que a pregunta tería dous respostas, xa que a haber tomen un suposto non excluído tampouco fai certa a resposta "d) *Todos os anteriores requiren que se faga unha avaliación ambiental estratéxica*"

**Pregunta 74.- Anulase a pregunta**

Non hai resposta correcta

**Pregunta 77.- Anulase a pregunta**

Aínda que a resposta correcta e a d) Son certas b) e c), na resposta c) faise mención a unha DA 4<sup>a</sup> que non fai referencia a o tema da pregunta ou da resposta.

**Pregunta 81.- Mantense a pregunta e a resposta D)**

O artigo 2 e) do Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición de fine o produtor de residuos coma

*"1.º La persona física o jurídica titular de la licencia urbanística en una obra de construcción o demolición; en aquellas obras que no precisen de licencia urbanística, tendrá la consideración de productor del residuo la persona física o jurídica titular del bien inmueble objeto de una obra de construcción o demolición.*

*2.º La persona física o jurídica que efectúe operaciones de tratamiento, de mezcla o de otro tipo, que ocasionen un cambio de naturaleza o de composición de los residuos.*

*3.º El importador o adquirente en cualquier Estado miembro de la Unión Europea de residuos de construcción y demolición."*

As respostas a), b) e c) da pregunta 81 recollen os supostos descritos nos apartados primeiro e segundo da definición de xeito que fan certa como resposta á pregunta a "d). *Todas as anteriores forman parte, entre outras, da definición de "produtor de residuos de construción e demolición"* a pesar de que a segunda parte da resposta a) estea incompleta esta circunstancia non produce ningunha contradición que puidese levar a outra interpretación da pregunta

Posteriormente o tribunal procede a nova corrección do test, sendo o resultado o seguinte:

<b>Nº OPOSITOR</b>	<b>RESPOSTAS CORRECTAS</b>	<b>RESPOSTAS INCORRECTAS</b>	<b>EN BLANCO</b>	<b>TOTAL</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
2	28	28	44	19	5.7
3	80	3	17	79	23.7
4	83	12	5	79	23.7
7	44	36	20	32	9.6
9	54	38	8	42	12.6
10	74	18	8	68	20.4
11	46	45	9	15	9

O tribunal acorda a publicación das alegacións, do resultado detallado no anterior parágrafo e o seguinte anuncio:

As persoas que obtivesen 15 ou máis puntos pasan o seguinte exercicio, que se realizará o vindeiro 5 de xuño ás 9:30 no Salón de Plenos do Concello de Monforte de Lemos, sito na Casa Consistorial, Campo de San Antonio S/Nº, Monforte de Lemos para a realización do segundo exercicio teórico. A orde de actuación dos/as aspirantes nos exercicios nos que non poidan actuar conxuntamente iniciárase por aqueles co primeiro apelido comece pola letra «W», atendendo, a estes efectos, á ordenación alfabética resultante da listaxe de aspirantes admitidos. No caso de que non exista ningún aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra «W», a orde de actuación iniciárase por aqueles/as cuxo primeiro apelido comece pola letra «X», e así sucesivamente. Todo iso de conformidade á Resolución do 27 de xullo do 2023, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado.

As persoas aspirantes deberán vir provistas do material que consideren necesario para a realización do segundo exercicio que consistirá na resolución dos supostos prácticos que o tribunal determine relacionados coas materias específicas do programa que figura no Anexo e as funcións encomendadas á praza á que se opta. Valorarase, principalmente, a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos expostos, o coñecemento e adecuada explicación e aplicación da normativa aplicable, a sistemática na formulación, e a formulación de conclusións.

Este exercicio práctico, igualmente, poderá consistir, a decisión do Tribunal na contestación das preguntas que, por escrito, propoña o tribunal sobre supostos prácticos relacionados co Temario, podendo incluír varias respostas a cada unha das cuestións prácticas formuladas, ou debendo desenvolver o/a aspirante a resposta ás mesmas.

O tempo máximo de realización do exercicio será de dúas horas.